

# Irmáns

Vento, chuvia e nada máis que a nosa clase cruzaba o patio naquel día de inverno. Ía frío e só nós podíamos ver en vivo e en directo aquela tempestade salvaxe. Eu ía á cabeza do grupo cando estabamos chegando a porta traseira do edificio para volver ó acubillo do colexio. Inconscientemente, xirei a cabeza cara atrás. Non fora máis ca un impulso. Cando a miña vista se pousou na parede que tiña o meu carón, vin, por nada máis que un segundo, a cara riseira do meu irmán pequeno, de catro anos, mirando cara a min a través dun oco na parede. Un calafrío percorreu o meu corpo. Comecei a chorar de espanto. Corrí cara aos meus compañeiros, díxenlles case a gritos o que vira, o horrible que me sentín e que, por favor, me axudaran a sacalo de alí. Eles intercambiaron unhas miradas de preocupación tanto polo meu posible estado mental como polo que de verdade eu puidera ter visto. Avisei a un profesor, reunín a varios de feito, ademais de a moitos dos meus amigos. Conteilles aquel momento máis de mil veces, con todos os matices, todos os sentimentos e sobre todo a necesidade que eu tiña de arrincar e seu persistente e recorrente rostro das paredes. Por máis que suplicara, que pedira ou que chorara porque me axudaran a sacar o meu irmán de alí, non houbo ninguén que se dispuxera a facer tal cousa. A apoiarme sequera.

Pero, a verdade... como me ían crer se o meu irmán morrera había tres anos?

*Madame Nadie*  
03/11/2023  
Cuntis